

MEDIDAS PREVENTIVAS PARA EVITAR A PROPAGACIÓN DA COVID-19 NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

ORDE do 9 de novembro de 2020 pola que se modifica a Orde do 4 de novembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20201110/AnuncioC3K1-091120-2_gl.html

DECRETO 181/2020, do 9 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se modifica o Decreto 179/2020, do 4 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20201110/AnuncioC3B0-091120-1_gl.html

NOTA: Estas medidas preventivas poden ser máis restritivas en concellos, lugares e comarcas.

LIMITACIÓN DA LIBERDADE DE CIRCULACIÓN DAS PERSOAS EN HORARIO NOCTURNO

Real Decreto 956/2020, de 3 de noviembre, por el que se prorroga el estado de alarma declarado por el Real Decreto 926/2020, de 25 de octubre, por el que se declara el estado de alarma para contener la propagación de infecciones causadas por el SARS-CoV-2.

<https://www.boe.es/boe/dias/2020/11/04/pdfs/BOE-A-2020-13494.pdf>

- Durante o periodo comprendido entre as 23:00 e as 6:00 horas, as persoas unicamente poderán circular polas vías ou espazos de uso público para a realización de, entre outras, as seguintes actividades:
 1. Adquisición de medicamentos, produtos sanitarios e outros bens de primeira necesidade.
 2. Asistencia a centros, servizos e establecementos sanitarios.
 3. Asistencia a centros de atención veterinaria por motivos de urxencia.
 4. Cumprimento de obrigas laborais, profesionais, empresariais, institucionais ou legais.
 5. Retorno ao lugar de residencia habitual tras realizar algunhas das actividades previstas neste apartado.
 6. Asistencia e coidado a maiores, menores, dependentes, persoas con discapacidade ou persoas especialmente vulnerables.
 7. Por causa de forza maior ou situación de necesidade.
 8. Calquera outra actividade de análoga natureza, debidamente acreditada.
 9. Reposición en gasolineras ou estacións de servizo, cando resulte necesario para a realización das actividades previstas nos parágrafos anteriores.

RESTRICIÓN ÁS AGRUPACIÓN DE PERSOAS



- No territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, limítanse os grupos para o desenvolvemento de calquera actividade ou evento de carácter familiar ou social na vía pública, espazos de uso público ou espazos privados, a un máximo de **seis persoas**, excepto no caso de persoas conviventes en que non se aplicará esta limitación.
- Non será aplicable esta limitación no caso de actividades laborais, empresariais, profesionais e administrativas, actividades en centros universitarios, educativos, de formación e ocupacionais, sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento.
- Tampouco será aplicable naqueles ámbitos territoriais concretos nos cales, se adoptasen ou se adopten, medidas máis estritas.

Toda a cidadanía deberá adoptar as medidas necesarias para evitar a xeración de riscos de propagación da enfermidade COVID-19, así como a propia exposición aos ditos riscos. Este deber de cautela e protección será igualmente esixible aos titulares de calquera actividade.

Así mesmo, deberán respectarse as medidas de seguridade e hixiene establecidas polas autoridades sanitarias para a prevención da COVID-19.

Recorde: para evitar gromos, ante calquera síntoma compatible con COVID-19 non saia da casa e contacte cos servizos sanitarios.

SERVIZO COLECTIVO DE TRANSPORTE DE VIAXEIROS



- Nos vehículos que dispoñan de asentos, poderase ocupar a totalidade dos asentos e será obrigatoria a expedición de billete coa identificación do servizo concreto e do vehículo que o preste. Todos os asentos deberán estar numerados.
- Nos vehículos que teñan autorizadas prazas de pé, a ocupación máxima será dunha sexta parte das prazas de pé.
- Cando a duración da viaxe sexa inferior a dúas horas, non está permitido consumir alimentos no interior do vehículo.
- Nos vehículos que realicen transporte regular de uso especial de escolares, poderase ocupar a totalidade dos asentos.

Recomendase na medida do posible, evitar consumir bebidas, conversar ou manter calquera contacto directo con outars persoas ocupantes do dito vehículo.

VIDA SOCIAL E COMUNITARIA



- Parques infantís, parques biosaudables, zonas deportivas ou espazos de uso público ao aire libre similares con limitación de aforo: máximo estimado unha persoa por cada catro metros cadrados.



- Celebracións con motivo de cerimoniais relixiosas ou civís: cun máximo de 50 persoas en espazos pechados e 100 ao aire libre.



- Lugares de culto: 50 % da súa capacidade máxima permitida.
- Velorios: 10 persoas en espazos pechados e 25 en espazos abertos sexan ou non conviventes.
- Enterramento ou despedida para a cremación: 25 persoas entre familiares e achegados sexan ou non conviventes.



- Bibliotecas, arquivos, museos: 50 % da súa capacidade máxima permitida. As actividades culturais de grupo: Máximo 6 persoas sexan ou non conviventes incluído o monitor ou guía.
- Cines, teatros, auditorios, circos de todo e espazos similares: 50% da capacidade. Límite máximo de 60 persoas para lugares pechados e de 150 ao aire libre.

- Centros recreativos turísticos ou similares: 50 % do aforo. As visitas de grupos serán dun máximo de seis persoas, sexan ou non conviventes e incluído o monitor ou guía.
- Outros locais ou establecementos comerciais: 50 % da súa capacidade autotizada ou establecida. Límite máximo de 60 persoas para lugares pechados e de 150 ao aire libre. As actividades de grupo: Máximo 6 persoas sexan ou non conviventes, incluíndo o monitor ou guía.




- Congresos, eventos, reunións de negocios, conferencias e actos similares: 50% da capacidade permitida cun límite máximo de 60 persoas nos espazos pechados e 150 persoas nos espazos ao aire libre.
- Esta limitación será tamén de aplicación para reunións profesionais, xuntas de comunidades de propietarios e eventos similares.

ESTABLECEMENTOS DE HOSTALARÍA E RESTAURACIÓN



- No interior dos locais, unha ocupación dun 50% do aforo.
- Non está permitido o consumo na barra.
- Nas terrazas ao aire libre, limitación ao 75 % das mesas.



- A ocupación máxima será de **6 persoas por mesa ou agrupación de mesas**, respectando a distancia mínima de seguridade interpersoal entre elas.
- Os clientes poden quitar a máscara exclusivamente **no momento do consumo**.

ESTABLECEMENTOS DE OCIO NOCTURNO



- Poderán manter abertas ao público exclusivamente as terrazas ao aire libre, para consumo e servizo sentado en mesa e limitarán a súa capacidade ao 75%.
- Non estará permitida a instalación de barras para consumo ou servizo nelas a clientes da terraza.



- A ocupación máxima será de **6 persoas por mesa ou agrupación de mesas**.

ESTABLECEMENTOS DE ALOXAMENTO TURISTICO



- Zonas comúns dos hoteis e aloxamentos turísticos: 50% da súa capacidade.
- Actividades de animación ou clases grupais: Máximo 6 persoas sexan ou non conviventes incluíndo os monitores .



- Aloxamento turístico de albergue, polas súas especiais características permitirase unha capacidade máxima do 50 %.

COMERCIO, CENTROS COMERCIAIS E MERCADOS AO AIRE LIBRE



- Locais e establecementos, independentemente da súa superficie: Límite do aforo 50% de capacidade.
- Centros e parques comerciais: No caso de establecementos ou locais distribuídos en varios andares: Límite do aforo 50% de capacidade en cada un deles.
- Non se permitirá a permanencia de clientes nas zonas comúns, excepto para o tránsito entre os establecementos.
- A capacidade das zonas comúns dos centros e parques comerciais queda limitada ao 33 %.
- Centros e parques comerciais: As zonas comúns como poden ser zonas infantís, ludotecas ou áreas de descanso deben permanecer pechadas.
- Mercados ao aire libre: 50 % dos postos habituais ou autorizados.

ACTIVIDADES DEPORTIVAS NON FEDERADAS



- Instalacións deportivas ao aire libre: individual e colectiva, sen contacto físico, e como máximo de 6 persoas de forma simultánea , sen contar o monitor.
- Instalacións deportivas cubertas: grupos de ata 6 persoas sexan ou non conviventes sen contar o monitor, e sen superar o 50% da capacidade máxima permitida.

CELEBRACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS, ADESTRAMENTOS E DE COMPETICIÓN DEPORTIVAS CON PÚBLICO



- A celebración de eventos deportivos, adestramentos, competicións deportivas que se celebren en instalacións deportivas ou na vía pública poderán desenvolverse con público sempre que este permaneza sentado.
- Non superación do 50 % da capacidade.
- Límite de 60 persoas para lugares pechados e de 150 se se trata de actividades ao aire libre.

CENTROS CÍVICOS E SOCIAIS

- Límite capacidade total: 50 %
- Actividades socioculturales grupais: Máximo 6 persoas, sexan ou non conviventes, e incluído ou monitor ou guía

ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE DIRIXIDAS Á POBOACIÓN INFANTIL E XUVENIL

- Poderanse realizar actividades de tempo libre destinadas á poboación infantil e xuvenil, cando estas se leven a cabo ao aire libre, sempre que se limite o número de participantes ao 50% da súa asistencia máxima habitual, cun máximo de 100 participantes, incluídos os monitores.
- Cando estas actividades se realicen en espazos pechados, non se deberá superar o 50% da capacidade máxima do recinto, cun máximo de 50 participantes, incluídos os monitores.
- As actividades deberán realizarse en grupos de ata 6 persoas participantes, sexan ou non conviventes e incluídos os monitores correspondentes, que deberán traballar sen contacto entre os demais grupos.

ACADEMIAS, AUTOESCOLAS E CENTROS PRIVADOS DE ENSINO NON REGRADO E CENTROS DE FORMACIÓN E ACTIVIDADE FORMATIVA XESTIONADA OU FINANCIADA POLA ADMON. AUTONÓMICA

- A actividade que se realice nestes centros poderá impartirse dun modo presencial sempre que non se supere unha capacidade do **50%** respecto do máximo permitido.

PRAIAS E PISCINAS



Pódese quitar a máscara, **durante o baño** e mentres se permaneza nun espazo determinado, sen desprazarse e mantendo a distancia de seguridade coas persoas non conviventes.



- Piscinas ao aire libre ou cubertas: ata o 50% da capacidade da instalación cunha limitación de 100 persoas.
- Grupos de 6 persoas máximo, agás no caso de persoas conviventes.



- Praias: calcularase o aforo máximo considerando catro metros cadrados de superficie útil por persoa.
- Manter a distancia mínima de seguridade, tanto na area como na auga.



- Non compartir os obxectos persoais e mantelos dentro do perímetro de seguridade.



- As duchas e aseos utilizaranse de xeito individual.



- Permítense as actividades deportivas individuais.

FESTAS, VERBENAS, OUTROS EVENTOS POPULARES E ATRACCIÓNS DE FEIRAS

- Peche das actividades.


MANTEMENTO HORTAS, VIDES E COIDADADO DE ANIMAIS

- Permítense os desprazamentos entre concellos a aquelas persoas que teñan cultivos, vides, ou precisen atender animais, respectando en todo caso a distancia de seguridade e os protocolos de prevención establecidos.


USO OBRIGATORIO DA MÁSCARA



- Para as persoas de seis ou máis anos será obrigatorio o uso da máscara en todo momento, aínda que se poida garantir a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros. Esta deberá cubrir desde parte do tabique nasal ata o queixo, incluído.
- Excepcións ao uso obrigado da máscara:



- Na vía pública ou en espazos ao aire libre, exclusivamente durante o consumo de tabaco ou calquera dispositivo de inhalación de tabaco, así como, pipas de auga, cachimbas e asimilados, sempre tendo en conta o mantemento, en todo momento, **da distancia de dous metros con outras persoas.**



- Durante a actividade física e deportiva en instalacións cubertas, para a realización de deportes que requiran a utilización de pistas específicas, tales como tenis, pádel, squash ou pistas polideportivas, exclusivamente durante a realización das ditas actividades específicas.

A correcta colocación da máscara é moi importante para que resulte eficaz. Se a máscara non está ben posta e non axusta correctamente, quedará reducida a protección que confire.

NON

SI



Non deixar o nariz sen cubrir



Non levar a máscara de bufanda



Non levala de sombreiro



Non quitala cando falamos



Non compartila




Lavar as mans antes de poñer a máscara



Pasar as bandas de axuste tras das orellas



Colocar sobre nariz e boca



Adaptar o click nasal